



Proceso selectivo para a constitución dunha BOLSA DE EMPREGO de AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS para atender as necesidades do Concello. FASE: OPOSICIÓN. Primeiro exercicio: PROBA de COÑECEMENTOS.

“INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO EXAME”

1. O exame é de carácter obrigatorio e consiste na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test.
2. Cada pregunta tipo test ten 4 respostas alternativas, das que soamente 1 é a correcta.
3. Inclúense 5 preguntas de reserva que deberá responder cos mesmos criterios que a parte principal do cuestionario. Estas preguntas so serán computadas, na estricta orde na que aparecen formuladas, no caso de que algunha das da parte principal sexa anulada, de oficio ou con base nalgũa reclamación, por observarse erros tanto no seu enunciado como nas opcións das respostas dadas, duplicada ou outras circunstancias similares.
4. A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 30 puntos (a razón de 0,6 puntos cada resposta correcta), sendo preciso acadar 18 puntos (30 respostas correctas), para non quedar eliminado/a. As respostas falladas non ponderarán con coeficiente negativo.
5. Para a realización da proba dispórase dun tempo máximo de 60 minutos.
6. Sinalar a resposta correcta marcando a opción elixida cun “X”. Poderá anulala marcando cun círculo enriba da letra correspondente á resposta que se quere anular e seleccionando de novo cun “X” na resposta que se considere correcta. Considerarase como errónea aquela pregunta que conteña emendas ou riscaduras en máis dunhas das opcións da resposta.
7. Unha vez iniciado o exame ningún/ha opositor/a poderá abandonar a aula. Si o fai anularáselle o exame e recollerase o cuestionario.
8. Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Igualmente está prohibido copiar, falar e fumar. Calquera alteración destas normas será motivo de anulación do exame.
9. As persoas que necesiten un certificado de asistencia, poderán pedirlo a calquera membro do tribunal, e será expedido pola secretaria do mesmo.
10. Cada aspirante introducirá no sobre pequeno, que se entregará antes do inicio da realización do exame, a ficha debidamente cuberta cos seus datos persoais e o número do código de identificación e procederá a pechalo. A continuación procederase á realización do exame. Finalizado o tempo de realización do exame ou ben antes de esgotalo si o/a opositor/a así o desexa, introducirá no sobre grande, que tamén lle será entregado antes do comezo do exame, a plantilla coas respostas e o código de identificación e o sobre pequeno, procedendo deseguido a pechalo.

CUESTIONARIO DE 50 PREGUNTAS.

1ª.- Segundo a Constitución Española de 1978, a forma política do Estado español é ...

- a) A monarquía.
- b) A Soberanía popular.
- c) A monarquía parlamentaria.**
- d) A democracia parlamentaria.

2ª.- Os sindicatos, segundo a Constitución Española de 1978 ...

- a) Terán unha estrutura xerárquica e un funcionamento democrático.
- b) Terán unha estrutura interna e un funcionamento democráticos.**
- c) A Constitución Española non alude a eles para nada.
- d) Terán unha estrutura e un funcionamento personalistas.



C O N C E L L O
D E
R I B E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

3ª.- Non é un dereito fundamental ...

- a) A liberdade relixiosa.
- b) O honor.
- c) O dereito de petición.
- d) O dereito a unha vivenda digna.

4ª.- En qué situación non se pode suspender o dereito dos traballadores e empresarios a adoptar medidas de conflito colectivo?

- a) Estado de excepción.
- b) Estado de sitio.
- c) Estado de alarma.
- d) En ningunha das situacións referidas poden suspenderse o dereito dos traballadores e empresarios a adoptar medidas de conflito colectivo.

5ª.- Respecto do Estado, o Rei é símbolo da súa:

- a) Unidade e integridade.
- b) Unidade e permanencia.
- c) Independencia e soberanía.
- d) Integridade e soberanía.

6ª.- Segundo o artigo 68.1 da Constitución Española de 1978 o Congreso componse:

- a) Dun mínimo de 200 e un máximo de 400 deputados.
- b) Dun mínimo de 200 e un máximo de 300 deputados.
- c) Dun mínimo de 300 e un máximo de 350 deputados.
- d) Dun mínimo de 300 e un máximo de 400 deputados.

7ª.- A iniciativa legislativa corresponde ...

- a) Ao Goberno.
- b) Ao Congreso.
- c) Ao Senado.
- d) Todas as respostas son correctas.

8ª.- O Goberno componse:

- a) Do Presidente e dos Ministros.
- b) Do Presidente, dos Vicepresidentes e dos Ministros.
- c) Do Presidente, dos Vicepresidentes, no seu caso, dos Ministros e dos demais membros que estableza a Lei.
- d) Do Presidente e dos Vicepresidentes.

9ª.- Que prazo ten que transcorrer para que o Rei disolva as Cortes Xerais e convoque novas eleccións no caso de que ningún candidato á Presidencia do Goberno obtivera a confianza do Congreso?

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Dous meses, a partir da primeira votación de investidura.
- d) Un mes, a partir da primeira votación de investidura.

10ª.- No que respecta ás relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais, indique cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) O Goberno responde solidariamente na súa xestión política ante o Congreso dos Deputados.
- b) O Presidente do Goberno poderá plantexar ante o Congreso dos Deputados a cuestión de confianza sobre o seu programa.
- c) As Cámaras poden reclamar a presenza dos membros do Goberno.



C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

d) Todas son correctas.

11ª.- O artigo 145.1 da Constitución Española de 1978, dispón que:

- a) En ningún caso se admitirá a federación de Comunidades Autónomas.**
- b) En ningún caso se admitirá a constitución dunha nova Comunidade Autónoma.
- c) En ningún caso se admitirá a alteración dos límites provinciais.
- d) Ningunha é correcta.

12ª.- Segundo dispón o artigo 9.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, os poderes da Comunidade Autónoma exerceranse a través ...

- a) Do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente.**
- b) Do Parlamento.
- c) Do Parlamento e da Xunta.
- d) Do Presidente, da Xunta e dos seus Conselleiros.

13ª.- Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos:

- a) No Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) Na Lei Orgánica 3/1981 do 5 de maio.
- c) Na Constitución.**
- d) Todas as respostas son correctas.

14ª.- Como se denominan as disposicións do Goberno que conteñan lexislación delegada?

- a) Decretos-leis.
- b) Decretos-lexislativos.**
- c) Regulamentos.
- d) Leis Orgánicas.

15ª.- En que artigo da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se regula o procedemento de aprobación das ordenanzas locais?

- a) Artigo 43.
- b) Artigo 45.
- c) Artigo 48..
- d) Artigo 49.**

16ª.- O procedemento de aprobación das ordenanzas locais requirirá:

- a) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias.**
- b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo dun mes para a presentación de reclamacións e suxerencias.
- c) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 20 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.
- d) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 15 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

17ª.- De conformidade co artigo 11.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as Administracións Públicas soamente requirirán aos interesados o uso obrigatorio de sinatura para:

- a) Formular solicitudes.
- b) Interpoñer recursos.
- c) Renunciar a dereitos.
- d) Todas son correctas.**



C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

18ª.- Segundo dispón o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, estarán obrigados, en todo caso, a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:

- a) As persoas xurídicas.
- b) As persoas físicas menores de 60 anos.
- c) Os/as Notarios/as
- d) **Son correctas as respostas a) e c).**

19ª.- Son hábiles:

- a) As horas comprendidas entre as 8 da mañá e as 9 da noite do día.
- b) As horas comprendidas entre as 8 da mañá e as 9 da noite do día hábil.
- c) Todas as horas do día que formen parte do día.
- d) **Todas as horas do día que formen parte dun día hábil.**

20ª.- Serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito (sinale a resposta incorrecta):

- a) Os actos que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.
- b) Os actos que resolvan procedementos de revisión de oficio de disposicións ou actos administrativos.
- c) **Os acordos de acumulación dun procedemento a outro co que garde identidade substancial ou íntima conexión.**
- d) Os acordos de suspensión de actos, calquera que sexa o motivo desta.

21ª.- Os actos administrativos, a menos que a súa natureza esixa outra forma mais axeitada de expresión e constancia, produciranse:

- a) **Por escrito a través de medios electrónicos.**
- b) Por escrito a través de medios non electrónicos.
- c) Por escrito a través de medios electrónicos ou non electrónicos.
- d) Verbalmente.

22ª.- A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas:

- a) **Só implicará a anulabilidade do acto cando así o imponha a natureza do termo ou prazo.**
- b) Sempre implicará a anulabilidade do acto.
- c) Implicará a nulidade de pleno dereito do acto.
- d) Implicará a invalidez do acto administrativo.

23ª.- Cal destes trámites non está presente na tramitación simplificada dun procedemento administrativo:

- a) A subsanación da solicitude presentada.
- b) **A práctica da proba.**
- c) Inicio do procedemento.
- d) Alegacións formuladas ao inicio do procedemento.

24ª.- O procedemento administrativo común, réxese:

- a) **Pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.**
- b) Pola Lei 7/1985, do 4 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- c) Pola Lei 92/2018, do 28 de decembro, do procedemento administrativo común e do réxime xurídico das Administracións Públicas.
- d) Polo Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 3 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora do procedemento administrativo común das entidades locais.

25ª Contra un acordo adoptado por un Tribunal de selección que foi nomeado por un Alcalde:



C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- a) Poderase interpoñer recurso de reposición que deberá ser resolto polo propio Tribunal.
- b) Poderase interpoñer recurso de reposición que deberá ser resolto polo Alcalde da Corporación.
- c) Poderase interpoñer recurso de alzada.
- d) Ningunha é correcta.

26ª.- O recurso extraordinario de revisión procederá:

- a) Contra os actos que non sexan firmes en vía administrativa cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125.1 da Lei 39/2015.
- b) Contra os actos que non sexan firmes en vía administrativa cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 120.1 da Lei 39/2015.
- c) Contra os actos firmes en vía administrativa cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125.1 da Lei 39/2015.
- d) Contra os actos firmes en vía administrativa cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 120.1 da Lei 39/2015.

27ª.- Cal das seguintes entidades NON ten o carácter de Entidade Local Territorial?

- a) Comarca.
- b) Provincia.
- c) Illa.
- d) Municipio.

28ª.- A xestión do Padrón municipal:

- a) Levarase pola Delegación de Estatística da Comunidade Autónoma.
- b) Levarase pola Delegación de Facenda da Provincia.
- c) Levarase polos Concellos.
- d) Levarase polos Concellos xuntamente coas Deputacións Provinciais.

29ª.- Adquírese a condición de veciño:

- a) Co nacemento.
- b) Coa inscrición no Padrón.
- c) Coa residencia temporal ou continuada.
- d) Todas as respostas son correctas.

30ª.- Cáles dos seguintes órganos deben existir necesariamente en todos os municipios:

- a) O alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno Local.
- b) O alcalde, o Pleno, a Xunta de Goberno Local e a Comisión Especial de Contas.
- c) O alcalde, o Pleno e a Comisión Especial de Contas.
- d) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno.

31ª.- Segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o servizo de recollida do lixo:

- a) Tan só é de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 20.000 habitantes.
- b) Tan só é de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 10.000 habitantes.
- c) Tan só é de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 5.000 habitantes.
- d) É de prestación obrigatoria en todos os municipios, con independencia da súa poboación.

32ª Aprobar as bases das probas de selección do persoal nun Concello, corresponde:

- a) Ao Alcalde.
- b) Á Comisión Informativa de persoal.
- c) Á Xunta de Goberno Local.
- d) Ao Pleno da Corporación.

33ª Sinale a resposta correcta:



C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- a) Corresponde ao Pleno a aprobación da Oferta de Emprego Público.
- b) Corresponde ao Pleno a aprobación da plantilla de persoal.
- c) Corresponde ao Alcalde a alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
- d) Todas as respostas son correctas.

34ª.- Un contrato de obra cuxo valor estimado é de 35.000 euros é:

- a) Un contrato excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- b) Un contrato privado.
- c) Un contrato menor.
- d) Un contrato no cal o órgano interventor (ou en quen delegue) deberá asistir obrigatoriamente ao acto de recepción material das prestacións obxecto do contrato.

35ª.- Indique cales dos seguintes trámites son imprescindibles no caso dun contrato menor dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público:

- a) En todo caso: informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato, aprobación do gasto e incorporación da factura correspondente.
- b) Unicamente: Informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato e incorporación de factura, tendo en conta que se trata de contratos de baixa contía, e para garantir así o principio de eficiencia na asignación dos recursos públicos consagrado no artigo 31.2 da Constitución.
- c) Os contratos que non superen os límites do contrato menor establecidos no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público deberán tramitarse de forma verbal, tendo en conta que se trata de contratos de baixa contía, e para garantir así o principio de eficiencia na asignación de recursos públicos consagrado no artigo 31.2 da Constitución.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

36ª.- A piscina municipal é ...

- a) Un ben de carácter mancomunado.
- b) Un ben patrimonial.
- c) Un ben de carácter privativo.
- d) Un ben de dominio público.

37ª.- Sinala a resposta correcta:

- a) As Corporacións locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos.
- b) O Pleno da Corporación local será o órgano competente para acordar a aprobación do inventario xa formado, a súa rectificación e comprobación.
- c) Son correctas as respostas a) e b).
- d) Ningunha resposta é correcta.

38ª.- Con carácter xeral, segundo o previsto no artigo 92.2 da Lei de Bases de Réxime Local, os postos de traballo na Administración Local e os seus organismos autónomos serán desempeñados por:

- a) Persoal laboral.
- b) Persoal laboral e persoal funcionario.
- c) Persoal funcionario.
- d) Persoal eventual.

39ª.- De conformidade co artigo 100.1 da Lei de Bases do Réxime Local, a selección dos funcionarios

- a) É competencia de cada Corporación local, en todo caso.



C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

b) É competencia de cada Corporación local, coa excepción dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

c) É competencia de cada Corporación local, coa excepción do Secretario Xeral da Corporación.

d) É competencia de cada Corporación local, coa excepción dos Policía locais.

40ª.- O Concello de Riveira poderá incluír na súa plantilla postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder de:

a) Catro.

b) Cinco.

c) Seis.

d) Sete.

41ª.- Cando un/unha funcionario/a necesite atender ao coidado dun familiar que se atope ao seu cargo e que non poida valerse por si mesmo, terá dereito a solicitar:

a) Unha excedencia por coidado de familiares.

b) Unha excedencia por agrupación familiar.

c) Unha excedencia por interese particular.

d) Unha excedencia forzosa.

42ª.- Sinale a resposta correcta: O Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR):

a) É a infraestrutura básica que permite o intercambio de asentos electrónicos de rexistro entre as Administracións Públicas.

b) A súa implantación permite eliminar o tránsito de papel entre administracións.

c) O organismo responsable é o Goberno do Estado a través do Ministerio que corresponda.

d) Todas as respostas son correctas.

43ª.- En todas as Entidades Locais haberá un Rexistro Xeral..

a) Para que conste con claridade a entrada dos documentos que se reciban.

b) Para que conste con claridade a entrada dos documentos que se reciban e a saída dos que foran despachados definitivamente.

c) Para que conste con claridade a saída dos documentos que foran definitivamente despachados.

d) Ningunha resposta é correcta.

44ª.- A quen corresponde convocar as sesións do Pleno?

a) Ao Secretario da Corporación.

b) Ao Concelleiro delegado de asuntos internos.

c) Ao Secretario da Corporación co visto e praxe do Alcalde.

d) Ao Alcalde.

45ª.- A convocatoria da sesión extraordinaria a instancia de membros da Corporación deberá efectuarse: (ANULADA)

a) Dentro dos catro días seguintes á petición e non poderá demorarse a súa celebración por mais de 2 meses desde que o escrito tivera entrada no Rexistro Xeral.

b) Dentro dos catro días seguintes á petición e non poderá demorarse a súa celebración por mais de 3 meses desde que o escrito tivera entrada no Rexistro Xeral.

c) Dentro dos seis días seguintes á petición e non poderá demorarse a súa celebración por mais de 2 meses desde que o escrito tivera entrada no Rexistro Xeral.

d) Dentro dos catro días seguinte á petición e non poderá demorarse a súa celebración por mais de 3 meses desde que do escrito tivera coñecemento o órgano competente para proceder á convocatoria da sesión.

46ª.- O Orzamento da Entidade Local será formado:

a) Pola Intervención Municipal.



C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- b) Polo Presidente da Corporación.
- c) Polo Concelleiro de Facenda da Corporación.
- d) Pola Comisión Especial de Contas.

47ª.- Sinale a resposta correcta: A aprobación definitiva do Orzamento terá lugar:

- a) Se transcorridos 15 días naturais dende a publicación do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial, non se presentan reclamacións.
- b) Se transcorridos 15 días hábiles desde a publicación do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial, non se presentan reclamacións.
- c) Terá que realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ó do exercicio no que deba aplicarse.
- d) Todas as respostas anteriores son falsas.

48ª.- A regulación dos tributos propios municipais deberá facerse mediante as correspondentes:

- a) Ordenanzas especiais.
- b) Ordenanzas xerais.
- c) Ordenanzas fiscais.
- d) Ordenanzas económicas.

49ª.- Contra unha Ordenanza Fiscal, poderá interpoñerse....

- a) Recurso de reposición.
- b) Reclamación previa á vía xudicial.
- c) Recurso de alzada.
- d) Recurso Contencioso-Administrativo.

50ª.- A mera utilización privativa ou de aproveitamento especial do dominio público local:

- a) Poderá ser susceptible de gravame tan só a través da figura das taxas regulada nos artigos 20 e seguintes do R.D. Lexislativo 2/2004.
- b) Poderá ser susceptible de gravame tan só a través da figura das prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias.
- c) Poderá ser susceptible de gravame tanto a través da figura das taxas como da figura das prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias segundo o establecido no artigo 20.6 do R.D. Lexislativo 2/2004.
- d) Nunca é susceptible de gravame.

PREGUNTAS DE RESERVA:

51ª.- O Título VII da Constitución Española de 1978 trata de:

- a) O Tribunal Constitucional.
- b) O poder xudicial.
- c) A organización territorial de Estado.
- d) Economía e Facenda.

52ª.- Segundo o artigo 54 da Constitución Española de 1978, o Defensor do Pobo é designado por:

- a) As Cortes Xerais.
- b) O Congreso dos Deputados.
- c) O Rei.
- d) O Goberno.

53ª.- O silencio administrativo nos procedementos administrativos “comúns” iniciados a solicitude do interesado:



C O N C E L L O
D E
R I B E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- a) Está regulado no artigo 599 da Lei 39/2015.
- b) Está regulado no artigo 24 da Lei 192/2018.
- c) Non está regulado na normativa vixente de procedemento administrativo, ao ter desaparecido trala última reforma legal.
- d) Está regulado no artigo 24 da Lei 39/2015.

54ª.-Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fora expresamente elixida polo interesado:

- a) Entenderase rexeitada cando o interesado así o manifeste por correo electrónico ou a través da sede electrónica no prazo máximo de 10 días hábiles.
- b) Entenderase rexeitada cando transcorreran dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que acceda ao seu contido.
- c) Entenderase rexeitada cando transcorran dez días hábiles desde a posta a disposición da notificación sen que acceda ao seu contido.
- d) Ningunha é correcta.

55ª.- Constitúen ingresos de dereito privado das Entidades Locais ...

- a) Os rendementos derivados do seu patrimonio.
- b) As adquisicións a título de herdanza.
- c) As adquisicións a título de doazón.
- d) Todas son correctas.